



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALICIA DE BOS
AIRES, CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para contribuír ao mantemento do Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo, á vista da importancia das actividades que desenvolve, e da repercusión destas tanto na cidadanía de Bos Aires como en especial nos galegos residentes na República Arxentina.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo é unha entidade civil sen ánimo de lucro que ten entre as súas finalidades:

a) Propiciar e facilitar o coñecemento da historia, costumes e cultura da República Arxentina, difundir os principios da súa Constitución, manter e acrecentar un patriotismo san, afondar o amor á nacionalidade e espallar o respecto polas institucións que a rexen. Asemade, pretende contribuír ao estudo, coñecemento e difusión da





historia, cultura e costumes de Galicia e dos demais elementos e manifestacións que emanan da vida do seu pobo, político e administrativamente organizado, como goberno autónomo dentro das comunidades históricas de España e, por ende –e como tal– manter tamén a difusión e defensa de todos os valores da hispanidade.

b) Ter unha biblioteca, editar unha publicación periódica informativa de divulgación cultural sen fins de lucro e manter permanentemente viva a lembranza dos costumes e tradicións que forman parte do acervo cultural da República Arxentina e de Galicia, cultivándoas e espallándoas.

c) Procurar axuda, orientación e consello aos galegos emigrantes e propender a que se integren dentro do seo da nosa colectividade e se adapten ao medio social arxentino.

Que, en consecuencia, as actividades que realiza o Centro Galicia de Bos Aires, Cultural, Social e Deportivo redundan na defensa da colectividades galega e contribúen a reforzar a súa cohesión, entre si e coa súa terra de orixe. O seu papel é sobranceiro no mantemento dos lazos culturais e sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, lingua e cultura.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o





recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 13 de xullo de 2016.

